



**PIÑEIRO**

**V**enera Piñeiro por Patrón tutelar a Sn. Salvador Iso. Sor.; a festa celébrana no día da súa gloriosa Transfiguración, 6 de Agosto. Habitana 68 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de Sobrada, e polo político e governativo á Xustiza de Barrantes. Valen os seus décimos 7.150 reais, que por enteiro desfruta o Párroco, que non ten casa reitoral, pero si destros de produto anual de cultivo 98 reais. A fábrica da igrexa percibe de renda 4½ ferrados de trigo e 31 reais de censo. Este curato é de presentación Real e Ordinaria. Dista de Tui una legua curta." (Ávila y La Cueva, 546).





## Igrexa

A igrexa pertenceu ao Mosteiro de Tomiño.

A gran reforma sufriuna no século XVIII, cando se lle deu a configuración actual na **fachada principal (264)**.

Está construída na súa parte inferior con pedra de perpiaño ben asentada e con xunta aberta.

No centro dela unha porta de arco de medio punto de cinco doelas e aresta viva.

No medio da fachada, unha moldura separa a parte superior, que é de pedra menos traballada e cascallos. Esta parte está apilastrada lateralmente, e leva unha moldura en dous lóbulos de cada lado e plana baixo a espadana.

Adórnase cunha cornixa voada no primeiro lóbulo e nas esquinas con pináculos cónicos e estriados. Tamén son cónicos e estriados os dous pináculos que hai na entrada do adro, pero nestes as estrías son espirais.

No centro hai unha ventá de arco rebaixado e moldurada, e por riba dela a esfera do reloxo.

A espadana ten dous corpos. O primeiro con dous ocos de arco de medio punto que acollen sendas campás. Preséntase tamén con adorno apilastrado para soste a cornixa voada que separa o segundo corpo de un só oco máis pequeno e co mesmo tipo de arco.

Nos extremos hai pináculos cónicos lisos. Remata en cruz metálica.

No lado oposto, o leste, engadiuse a sancristía, máis baixa.

O tellado é a dúas augas.

O **interior (266)** presenta unha soa nave rectangular unida á capela maior cun arco triunfal. A nave ten o piso de terrazo, marcando o camiño central con diferente cor. A bóveda é a dúas augas con cuarteiróns marcados en madeira e un zócalo de pedra.

A configuración actual é consecuencia das obras levadas a cabo hai algúns anos para poder acomodalala, xa que o seu estado interior non estaba acondicionado para un culto digno.

Non ten retablo, no seu lugar aproveitáronse pezas de outro, con probabilidade barroco, para ornamentar a cabeceira do presbiterio.

Conserva escasa pero moi boa imaxinería barroca, na que cabe destacar un expresivo **S. Bieito (268)**.





#### FESTAS E ROMAXES DE PIÑEIRO:

- S. Lourenzo (270): 10 de agosto.
- Cristo da Saúde (267): Último domingo de Agosto.

